

MEDALLAS DE OURO DE LUGO 2020-2021

Bos días a todos e todas,

Representantes dos colectivos galardoados,

Autoridades,

Cidadáns e profesionais que hoxe nos acompañades,

Grazas por vir a esta homenaxe que como Alcaldesa de Lugo teño a honra de presidir, representando a voz da cidadanía lucense que hoxe quere transmitirvos o enorme sentimento de gratitude que como pobo e sociedade temos con todos e cada un de vós, os galardoados,

porque o traballo que realizastes en momentos tan complicados e incertos conseguiron mellorar as nosas vidas nos momentos máis duros, complexos e dolorosos da nosa

historia recente, cando unha pandemia mundial perturbou a nosa existencia para sempre.

Sodes un exemplo de compromiso leal, profesionalidade e solidariedade ao servizo da cidadanía.

O 14 de marzo de 2020 declarouse o primeiro Estado de Alarma, e con el o devir da nosa vida cotiá se paralizou debido a unha emerxencia sanitaria e social inédita que afrontamos con medos e angustia,

confinados nos nosos fogares e temerosos con cada nova sobre as cifras das persoas que enfermaban e preocupados polos centos de vidas que se perdían cada día... pais, nais, avós, irmáns, amizades..., que en moitos casos nin puidemos abrazar.

Por iso, as miñas primeiras verbas deben ser, unha vez máis, para lembrar aos miles de falecidos a causa da COVID-19, e quero transmitirilles ás súas familias e amigos o máis sentido

pésame de toda a Cidade de Lugo, así como o noso alento e ánimo ás persoas que aínda padecen esta enfermidade.

Sempre estaredes nos nosos corazóns.

E tamén o están e estarán aqueles cidadáns que, con valentía e cun impulso que superou incluso o que deles se esperaba, se levantaban cada mañá, vencendo os seus propios medos, e saían das súas casas a traballar para ser os nosos salvadores, os nosos coidadores, os nosos protectores, os nosos provedores,

ás veces, o noso consolo, converténdose nun fío de unión que nos mantiña en contacto cun mundo exterior que, durante os días infinitos que durou a reclusión nas nosas casas, en nada se parecía a como o entendíamos ata ese momento.

Esas persoas, que integran gran parte dos colectivos que foron declarados servizos esenciais e dos que, sen selos, estiveron igualmente ao pé de canon, están hoxe aquí representadas,

e polo seu esforzo e dedicación, profesional e persoal, en mellorar o benestar da veciñanza lucense reciben a máxima distinción da Cidade de Lugo, a Medalla de Ouro.

Este galardón foi creado, e cito literalmente, “para recoñecer a aquelas persoas, colectivos ou institucións merecedoras de méritos verdadeiramente extraordinarios”. E o seu labor foino, sen ningunha dúbida.

Pasaron case 21 meses desde que o mundo quedou suspendido e en estado de shock, e neste tempo todos os que asumimos responsabilidades de goberno - concellos, comunidades autónomas e o Goberno central-, tivemos que ir adoptando decisións para frear unha pandemia tan terrible como descoñecida.

Con acertos, e tamén con erros, cos obxectivos de salvar vidas, salvar empregos e salvar familias.

As Medallas de Ouro do ano 2020 e 2021 distinguen aos distintos profesionais que acompañaron estas primeiras decisións e que estiveron sempre a carón da veciñanza.

Foi ese un tempo de resistencia, que nos obrigou a unha continuada adaptación a medida que coñecíamos máis ao inimigo, e que puxo a proba a nosa capacidade de acción e de reacción, intentando responder sempre con eficacia, rapidez e proximidade institucional e humana ás esixencias da cidadanía.

Nesta entrega dos recoñecementos, comezamos **polos servizos municipais**, colectivo homenaxeado este ano 2021.

Foi un 15 de marzo, un domingo, apenas unhas horas despois do anuncio do Estado de Alarma polo Goberno de España cando no Concello de Lugo decretamos os servizos públicos municipais esenciais,

e convoquei aos integrantes do executivo local a unha reunión cunha finalidade clara:

articular un dispositivo que permitise comezar a decretar medidas coa celeridade que esixía a situación, artellando a ruta a seguir para fornecer a base da nosa comunidade local.

Así, desde o Concello ocupámonos das accións extraordinarias derivadas da pandemia como

- a limpeza e hixiene nas rúas, xardíns e outros espazos públicos ao aire libre ou pechados;
- aumentamos o escudo social montando dispositivos especiais para atender a xente sen fogar, ás familias

máis vulnerables e con menos recursos e para acompañar aos maiores en soidade;

- Sen baixar a garda ante un repunte da violencia machista, estivemos sempre vixiantes ante calquera alerta dende a Casa da Muller;
- Unha supervisión e control que tamén mantiveron as forzas de seguridade e de protección á cidadanía, colaborando e cooperando nos múltiples controis;
- Puxemos en marcha tamén un plan de choque con máis dunha ducia de medidas para protexer á economía local, acelerando pagos a provedores, salvagardado os empregos das concesionarias municipais, activando axudas por valor de 5 millóns de euros para pemes e autónomos, impulsando campañas e plataformas de venda por internet, asesorando ás empresas ou impulsado os primeiros novos emprendedores en pandemia, entre outras moitas medidas.

Aos servizos esenciais como os de limpeza, servizos sociais, policía local, bombeiros, protección civil, rexistro, cemiterios,

vixiantes, conserxería ou parques e mantemento, sumáronse outros de apoio como informática ou Gobernanza, e todos aqueles empregados públicos de todas as áreas que teletraballaron para garantir que ningún cidadá quedase desatendido.

As súas accións adquiriron unha intensidade extraordinaria, obrigada por una situación tamén extraordinaria e que nos impulsou a traballar sen descanso, sendo a nosa prioridade colaborar e contribuír a paliar a crise.

Intensidade é se cabe tamén a palabra que define os sectores esenciais que estiveron a prover á veciñanza durante o confinamento, **como as farmacias e o sector alimentario**, que se viron desbordados, especialmente nos primeiros momentos, ante o temor da poboación a quedar desabastecida, ao mesmo tempo que aumentaba a demanda de produtos.

En ambos os dous casos víronse forzados a adoptar novos mecanismos de xestión para manter os servizos activos respectando as medidas de seguridade.

O seu traballo foi recoñecido amplamente pola poboación. No caso dos **farmacéuticos**, unha recente enquisa reflicte que o 60% considera que a súa imaxe viuse reforzada por mor do labor desempeñado, sendo eles, ademais, o principal centro de información para os cidadáns sobre a posible incidencia do coronavirus no seu estado de saúde. A confianza da sociedade cara a estes profesionais é practicamente unánime, xunto coa veracidade da información facilitada e a calidade na atención recibida.

As persoas que traballan nas cadeas de subministración do sector alimentario atopáronse tamén en primeira liña, sen esquecer que detrás dos produtos que normalmente enchen os estantes dos supermercados, están as persoas que os producen, os coidan e envasan.

Grazas ao bo funcionamento desta cadea e do bo facer dos traballadores, dos que é obrigado destacar especialmente os que atenderon directamente ao público nos momentos de maior descoñecemento sobre o avance da Covid-19, garantíronse en todo momento as subministracións. Viviron momentos de estrés, abafos e incerteza, pero foron básicos na nosa supervivencia.

Ao igual que o foron **os transportistas**.

Se o mantemento das redes de transporte de mercadorías, con todas as dificultades engadidas, facilitaron o fluxo de bens e servizos, incluídos os materiais de protección tan fundamentais,

grazas ao persoal do transporte público puideron seguir acudindo aos seus postos os traballadores esenciais dos hospitais e dos supermercados, e os servizos de benestar achegarse a atender aos colectivos máis vulnerables.

Cando todo se detivo, o transporte mantivo viva a nosa cidade.

A proximidade dos coidados, sempre tan esencial, foi unha luz á que agarrase nos días máis escuros para miles de persoas maiores, na súas casas e nas residencias, así como para as familias e xente con problemas,

e detrás, soportando, en non poucas ocasións, unha importante sobrecarga de traballo e con medios e recursos pouco adaptados á situación pandémica, estivo e está o **colectivo de servizos sociais**.

As reorganizacións de xornadas e dos métodos de atención, pensadas con extrema urxencia, esixiu un esforzo enorme ás traballadoras destes colectivos, que tiveron que reinventarse porque os servizos sociais nunca pechan.

Nin pechan nunca os **servizos de limpeza**, sector crítico na loita contra a pandemia, aos que lles esiximos os máximos estándares de calidade na desinfección dos espazos cando se visualizou a enorme importancia da hixiene para protexer a saúde das persoas e evitar unha maior propagación da pandemia.

O abastecemento da cidade e os coidados da cidadanía estiveron en todo momento **acompañados polas Forzas e Corpos de Seguridade (Policía local, Nacional e Autonómica, Garda Civil e Exército) así como polos servizos de protección da veciñanza, Bombeiros e voluntarios de Protección Civil.**

Todos eles mantiveron unha permanente coordinación para atender ás necesidades da poboación, contribuír a frear a expansión do virus controlando o cumprimento das ordes de confinamento social e apoiando, como no caso do Exército, tamén nas labores de desinfección ou na atención telefónica dos pacientes con Covid-19.

Quero, ademais, ter unha lembranza para todo o sector da **seguridade privada**, que tanto apoio aportaron nos controis das medidas decretadas.

Falaba ao principio da miña intervención dos obxectivos que nos marcamos as Administracións cando se decretou o Estado de Alarma: salvar vidas, salvar empregos e salvar familias.

E é o **sector sanitario** o que se deixou a súa pel para salvar a nosa.

Son os seus traballadores – médicos, enfermeiros, auxiliares, celadores, persoal de mantemento e os PAS –, os que sufriron máis de preto o drama do coronavirus, tanto o persoal que forma parte dos servizos de atención especializada como de atención primaria.

Moitos deles perderon a súa propia vida neste camiño.

O gran reto desta pandemia asumíuno o sistema sanitario e todos os seus integrantes, que se viron desbordados pola chegada continuada de pacientes, pola falta de material e con información pouco clara ante unha pandemia inédita.

As imaxes das súas lágrimas e o seu desalento, pero tamén da súa forza, titánica e solidaria, para continuar sen horarios nunha loita pola vida e por devolvernosa a esperanza nos momentos máis duros pasarán a historia,

a historia das nosas retinas pero tamén quedarán así recollidas nos libros.

Todo o traballo desenvolvido por cada un destes profesionais nos manda unha mensaxe que non debemos obviar, os recursos que destinemos agora a reforzar o noso sistema sanitario son os que ofrecerán seguridade en tempos de incerteza e a confianza e a estabilidade imprescindibles para

facér fronte a esta crise, que aínda non se desactivou, pero tamén en previsión das que poidan vir.

Como sociedade debemos trasladar e ser cómplices desta mensaxe porque nos xogamos o máis importante, as nosas vidas e a das nosos seres queridos.

Este acto é unha homenaxe, e tamén unha lembranza dos primeiros días da pandemia,

pero detrás desas xornadas viñeron outras, con máis protagonistas, como a ciencia e vacinación; os medios de comunicación, que nunca cesaron de informar e contextualizar; cunha sociedade que se comportou con gran dignidade e enteireza, creando lazos e redes de apoio dos que debemos sentirnos satisfeitos, e cun futuro xa máis preto da palabra esperanza. Non a esquezamos.

Grazas de novo a todos os galardoados por estar,

non só aquí, neste magnífico Museo Interactivo da Cidade de Lugo, senón ao noso carón.

Hoxe, o día en que celebramos a forza da nosa Muralla Romana como Patrimonio da Humanidade, celebremos tamén que o noso maior patrimonio sempre son, sodes e seredes, as persoas.